



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes**  
**Sección de Educación e Cultura**  
Expediente convocatoria : 2024000010344  
Expediente relacionado: 2024000018081

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA A BOLSA DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2024 ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ESTUDOS DE XÉNERO A ÓSCAR PÁRAMO TELLE**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

### **ANTECEDENTES**

A resolución número 40642 do 10 de outubro de 2024 aprobou a concesión definitiva das bolsas investigación 2024 da área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero.

Na área de artes e humanidades quedaron desertas dúas bolsas, acordándose a transferencia dunha delas a área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, polo que propónse a adxudicación da bolsa deserta ao primeiro suplente Oscar Páramo Telle.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

### **RESOLVO:**

**Primeiro.- Conceder** a bolsa á seguinte persoa:

**Titular da bolsa:** ÓSCAR PÁRAMO TELLE

NIF: \*\*\*8974\*\*

Expediente: 2024000018081

Obxecto da bolsa: *A xeración de residuos municipais nos concellos da Coruña. Factores socioeconómicos chave para garantir a súa redución*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Segundo.- Dispor** o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, contabilizando a adxudicación definitiva da bolsa a nome de Óscar Páramo Telle. O gasto imputarase ao documento contable "RC" número de operación 220240060299 por importe de 10.000,00 €.

**Terceiro.- Publicar** a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou

recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.